

Este **sábado 27 de Xuño** os máis pequenos poderán disfrutar dunha actividade de xogos tradicionais de outras culturas, a actividade organizada polo Concello de Boiro en colaboración ca ONG Soliedariedade Internacional de Galicia ten previsto realizar unhas xornadas na praza do Concello baixo o nome de “Xogos do mundo” este é un programa que pretende fomentar a interculturalidade para evitar futuros comportamentos racistas, xenófobos e a creación de prexuízos e estereotipos culturais e sociais.

Os xogos que amosarán o Sábado 27 de Xuño de **12-14 h na Praza do Concello** son:

Patolli(original de México)

Puluc(original de América Central)

Sapo(original dos Andes)

Dous monitores da ONG Soliedariedade Internacional de Galicia encargaránse de ensinar a todos/as os/as asistentes os entramados destes xogos que aínda que semellen moi diferentes gardan certa similitude cos xogos tradicionais locais.

Agardamos que poidades acudir a esta cita onde teredes a oportunidade de coñecer un pouco máis de outras culturas.